

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA
DE 24 DE FEBREIRO DE 2022.**

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as sete horas e trinta minutos do 24 de febreiro de 2022 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D^a NOELIA RODRÍGUEZ TRAVIESO (ALCALDESA)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE).
D^a CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D BRAIS FIDALGO MARTÍNEZ (RBC)
D CÉSAR FERNÁNDEZ GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTÉVEZ (BNG)

Non asisten don Enrique Rodríguez Alejos de Ribeiro en Común, , tendo excusado a súa ausencia.

Alcaldesa.- Boa tarde a todos e todas , imos dar comenzo a sesión ordinaria do pleno de 24 de febreiro de 2022. Enviar unha mensaxe de solidariedade e unha forte aperta a todos os habitantes da Ucraia neste momento tan difícil que están pasando. A nosa condena e repulsa ante a agresión de Rusia.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 27 DE XANEIRO DE 2022 .

Non formulándose observacións, fica aprobada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases

do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditadas dende a sesión anterior e que de seguido se relacionan:

Do 30 de decembro, unha, sobre xeración de créditos nº 25/21.

Do 31 de decembro; dúas; unha, sobre prórroga orzamento 2022; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xaneiro, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 26 de xaneiro, unha, sobre exenc. IVTM.

Do 27 de xaneiro; dúas; unha, sobre formalización contrato, unha, sobre delegación competencias.

Do 28 de xaneiro; cinco; unha, sobre alta no Padrón habitantes; tres, sobre altas de oficio no Padrón Habitantes; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro; sete; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre bonif. IVTM; unha, sobre aprobación Plan Seguridade e Saude “aforro e eficiencia enerxética alumeado público”; unha, sobre nomeamento técnico “aforro e eficiencia enerxética alumeado público”; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 01 de febreiro; sete; tres, sobre liq taxa serv. ext. incendios e outros; dúas, sobre aboamentos sanción; unha, sobre concesión servizo Axuda no Fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 02 de febreiro; once; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre devolución recibo IBI U; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre contencioso-administrativo 7/2022; unha, sobre enterramento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de febreiro; seis; unha, sobre vista de expte; unha, sobre remisión documentación rel. P.A. 007/2022-E; unha, sobre arquivo expte.; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de febreiro; seis; unha, sobre alta no Padrón habitantes; tres, sobre infraccións administrativas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de febreiro; sete; dúas. sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre infraccións administrativas; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 08 de febreiro; tres, unha, sobre arquivo expte; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 09 de febreiro, dúas; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de febreiro; oito; catro, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre autorización actuación; unha, sobre arquivo expte., unha, sobre aboamentos.

Do 11 de febreiro; catro; unha, sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre autorización licenza taxi; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 15 de febreiro; catro; unha, sobre limpeza propiedade; unha, sobre requirimento; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 16 de febreiro; tres; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 17 de febreiro; dez; unha, sobre bonificación IVTM; catro, sobre liquid. taxa serv ext.incendios e outros; dúas, sobre concesión servizo Axuda no Fogar; unha, sobre arquivo expte., unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro; catro; unha aboamento sanción; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de febreiro; seis; dúas , sobre alta no Padrón Habitantes; unha, sobre rectificación recibo IVTM; unha, sobre limpeza propiedade; unha, sobre concesión servizo Axuda no Fogar; unha, sobre aboamentos.

Do 22 de febreiro; cinco, sobre liquid. taxa servizo ext. incendios e outros; unha, sobre exenc IVTM minusvalía; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; unha, sobre arquivo expte.

3.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022.

Alcaldesa.-Suliñar que hai un incremento nos orzamentos, en boa medida, grazas aos ingresos do Estado e a venda dos soares do casco histórico.

Hai un importante incremento no gasto en servizos sociais, atendendo a unha das cuestións prioritarias para este goberno, a axuda aos que máis o necesitan.

Se mantén as axudas ao tecido cultural e asociativo. En persoal se recollen diversos incrementos e melloras para o persoal

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.-Boa tarde a todos e todas, aos que nos seguen dende casa e á prensa, agradecendo a súa presenza.

Este documento xa foi explicado , e con diálogo , foi aberto aos demais grupos. Son 800.000 euros de incremento, supón un gran esforzo. Nun ano se ten feito moito, non todo o que nos gustaría. O orzamento de 2021 foi unha boa ferramenta.

A mellora é posible grazas ao IBI, IAE , ingresos do Estado e venda de inmobles no casco histórico. Estes inmobles estaban paralizados e a venda tivo unha resposta positiva da sociedade. Se rehabilitarán e o concello ten ingresos para investimentos. Os investimentos son superiores aos que traía o goberno do PP. Non se pode pedir un plan detallado de investimentos cando é unha previsión de ingresos e gastos. Non houbo reciprocidade na vontade de cooperación por parte de outras administracións.

Se continuará pedindo,se pide o mesmo que se lle da a outros concellos. Non dar é unha discriminación aos veciños. Están solicitadas subvencións, algunhas virán , están presentadas en tempo e forma. Incrementaría o capítulo de investimentos.

Se traslada o aumento salarial do salario mínimo interprofesional, grazas ao goberno do Estado. Afecta a trinta e catro traballadores e traballadoras, o PP e VOX votaron en contra. Ao resto un 2% de incremento. Se reforza a brigada de obras e as limpiadoras do CRA. Hai un compromiso do goberno de abrir un diálogo cos sindicatos para abordar un novo convenio, parado dende 2008.

Se mantén as axudas á rede deportiva, cultural e asociativa do concello.

O plan de obras é susceptible de ampliación, se hai colaboración de outras administracións. Se preve actuar na ponte de San Francisco, CRA de San Cristovo, mellora do camiño entre Muñoz Calero e A Veronza.

O Sergas debe mellorar o aparcadoiro do centro de saúde, a mellora da accesibilidade debería ir a cargo do titular do espazo; as ambulancias invaden unha vía moi transitada. Continúa a colaboración coas asociacións de veciños con redes veciñais de augas. Aguas de Galicia, a Deputación e a Consellería de Infraestruturas deberían investir nestes núcleos, comprometemos a colaboración do concello. Hai proxectos para as infraestruturas deportivas, un plan especial para o novo cemiterio , que é moi necesario. Hai unha liña nova de axudas a aluger no casco histórico, incentivar que se ubiquen empresas.

Pode ser un bó orzamento para mellorar a vida dos nosos veciños. Son asumidas as propostas dos grupos, se engadirán ao final da memoria. As do PP co obxectivo de que a Deputación de Ourense as apoie orzamentariamente.

Alcaldesa.- Grazas por este pequeno repaso dos orzamentos.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Boa tarde aos presentes e aos que nos seguen telemáticamente. Unha aperta aos afectados pola pandemia. Rexeitamento profundo a esta e a todas as guerras.

Que se cambie o pleno para as oito da tarde.

Dende o BNG presentamos propostas que son fáciles de asumir. Os orzamentos a simple vista nos parecen ben. Non nos parece un ingreso considerable o das vivendas, o seu custe foi superior ao obtido. Nalgúns puntos hai máis gastos, noutros menos.

Preguntamos polas obras que se anuncian, se hai proxecto e orzamento concreto. O voto de confianza aos orzamentos supoñendo que se van a realizar as actuacións .

Hai importantes incrementos en servizos sociais e axudas ao tecido asociativo. É preocupante o paro xuvenil, incluso tendo estudos e preparación.

Supoño que habrá partida para Caritas e a Cruz Vermella.

D César Fernández Gil (PP).- Boa tarde. Me sumo as palabras sobre o covid e a guerra de Ucraia. Facer precisións e matices.No ano 2019 o goberno non aprobou o orzamento e despois houbo eleccións. Non ano 2020 o orzamento foi rexeitado en febreiro, en marzo non había plenos e se aprobou en xuño. Foron contextos extraordinarios.

Neste orzamento hai cuestións que podemos coincidir, que apoiamos.

As limpiadoras do CRA no orzamento de 2019 se ampliou a traballadora do colexio de San Paio, se realizou unha obra con fondos propios do concello.

Na folla de investimentos se citan obras, pedimos proxectos, memorias valoradas e informes sectoriais, ao menos a relación. Que se nos pasasen memorias valoradas, que estén cuantificadas economicamente, senón era un brindis ao sol. Imos ser constructivos como oposición, se aportaron propostas, se dice no documento que están dispostos a asumir, gracioso “ co obxectivo de que o seu portavoz e a Deputación Provincial de Ourense apoiem as mesmas orzamentariamente” Fixeron unha moción de censura para que sigamos facendo o traballo nos. Eu non son o único deputado provincial que hai neste pleno. Seguen facendo oposición sendo goberno. Aceptamos as propostas do PP se o portavoz consegue os cartos. É impropio dun goberno serio. O importante é o compromiso de asumilos.

Hai cuestións incompatibles nos inmobles do casco histórico No Plan de dinamización da Area Rexurbe, na memoria enviada ao Consello da Xunta, a contraprestación do concello eran os inmobles, que agora non son propiedade do goberno. A venda é incompatible coa memoria da Area Rexurbe de Ribadavia. Habería que asumir que non interesa a Area Rexurbe, que rexeitamos ese investimento, e que se lle explique a cidadanía. Ao tomar unha decisión se abandonan outras posibilidades.

Pedir que deixen de facer oposición da oposición, que gobernen. Que expliquen aos veciños as súas liñas de traballo.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.-Non podo máis que dar a versión dos dous grupos que formamos o goberno, que somos maioría absoluta. O portavoz do PP fala de broma, de tomadura de pelo. É paradóxico que tendo responsabilidades de goberno, veña cunha carta aos Reis magos, cun plan de emprego de 75.000 euros. Este goberno conquistou un obradoiro de emprego, el cero. Este goberno amparou a trinta e unha familias excluídas das axudas da Xunta.

O PP fai un relato nas redes sociais onde non podemos defendernos. Nos gustaría un plan de emprego coa colaboración de outras administracións. Nun ano fixemos moito, só, só coa colaboración do Estado. Só nos recibiu un concelleiro da Xunta nun ano. A outros alcaldes de outra cor política sí os reciben.

Un concello veciño xogou moi sucio con nos. Os concellos gobernados polo PP nunca apostan por facer comarca.

O portavoz do PP pretende decir que non sabemos conseguir recursos. César Fernández é uno, non son diferentes roles. Non se pode venir o día antes a pedir investimentos. No orzamento do PP había 12.000 euros en inversións. Agora só falta pedir un chalet na praia.

Somos serios e rigurosos. César Fernández non ten argumentos. A xunta de goberno da Deputación concede numerosas inversións cada semana. Caen as axudas a asociacións como intento de compra política.

Estamos a favor do Plan de San Xes e do Plan de Mobilidade, se está traballando en eso. O concello está traballando na memoria da Area Rexurbe.

En marzo de 2021 se ofreceron os inmobles do casco histórico para facer vivenda social.

César Fernández fixo un proxecto para a terceira fase do Parque Empresarial , cando había un documento que decía que o 70% era zona inundable. Había un proxecto para o punto limpio. Se pide proxecto para cousas que fan falta. Os informes sectoriais se están traballando. Hai unha factura sen informar, alegal, de máis de 25.000 euros. O seu xefe comprou un premio a transparencia.

Parece que moleste que os ribadavienses voten a esquerda. ¿ A Deputación e o seu vicepresidente, que se deslinda de él mesmo, están chantaxeando cos investimentos para Ribadavia? Sería gravísimo e antidemocrático. Outras deputacións apoian en función das necesidades e da poboación. A discriminada é Ribadavia.

Decir que este goberno lle minte a sociedade, falar de oscuros pactos de despacho , ao acordo entre dúas forzas de esquerda, co que fixo o PP en Castrelo de Miño. ¡Decir que é inapropiado incluir que a Deputación colabore!

O BNG ten as portas do goberno abertas, agradecer a súa boa impresión dos orzamentos. Nos non queríamos vender os soares, senón ceder ao IGVS. A seguridade dos veciños e das casas colindantes urxía. Melloramos substancialmente o casco histórico.

Este ataque con datos pouco reais, amosa que molesta o agradecemento dos veciños. Non renunciamos ao Rexurbe, estas vivendas non foron adquiridas polo concello. 70.000 euros é un ingreso importante.

Ningunha asociación está excluída das subvencións.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- É unha boa nova que se asuman as nosas propostas, esperemos que se realicen, e que as obras iniciadas se rematen. Dende o meu punto de vista, a miña intención ,ante calquera goberno, non é facer dano , senón a colaboración entre todos. As propostas e preguntas son co ánimo de mellorar. É importante de cara a sociedade ser unha corporación unida. Vai a ser un voto de confianza esperando que se leven a cabo as nosas propostas.

D César Fernández Gil (PP).- Sinceramente quedo sorprendido , non pensei que a miña intervención podería derivar en esa descalificación, agresividade, facer oposición da oposición. Hai que presuponer aos compañeiros dos outros grupos que teñen o mesmo interese polo concello e polos veciños.

Hai unha hostilidade, un ataque permanente contra nos.

A nosa idea inicial era permitir a aprobación, abstenerse, non bloquear co voto negativo. Deberían deixar de buscar a confrontación permanente, nos atoparán no diálogo constructivo.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.-Agradecer ao BNG o tono constructivo e o seu voto de confianza. A oferta de entrar no goberno segue aberta. Cando recibimos ataques, insidias, mentiras, insultos nas redes sociais nos defendemos. O portavoz do PP primeiro ataca, este portavoz o deixa sen argumentos, e agora pasa a estratexia de victimizarse.

Na miña intervención me expresei con vehemencia, non houbo ataque, insulto nin descalificación. Non nos gusta o baltarismo en ningunha das súas vertientes. Nun ano nos fixemos máis que nos dous anos en que gobernou o baltarismo en Ribadavia.

Construímos un goberno que traballa moito e consegue cousas. Cando se dice que en febreiro votamos en contra do orzamento foi porque non tenderon pontes. Se intentou crear un relato que non era real, nos vamos con bo talante a pedir cousas a outras administracións, sen ataques. A institución permanece, os políticos pasan. A Deputación ten douscentos anos. Se equivoca se pensa que boicoteando e vetando inversións a Ribadavia lle vai a ir mellor electoralmente.

Alcaldesa.- Non quero entrar en termos como hostilidades ou tomadura de pelo. Quero poñer en valor o entendemento entre os dous grupos de goberno. Cómo se pode decir que se fixo a moción de censura para que os do PP sigamos gobernando. Vostede é o deputado de Baltar. As administracións, sexa cal sexa a cor política, deberían colaborar. A Deputación e o seu vicepresidente deberían colaborar. Eu non teño problema en trasladar estas peticións acompañado de vostede ante Baltar. A Ribadavia o que ven ven todo do Estado, nada ven da Xunta nin da Deputación. Eu non teño vergonza en chamar as portas de outras administracións para pedir para os veciños. Nos sempre estivemos polo diálogo e por ser unha corporación unida. Nos gustaría que houbera máis colaboración da Xunta e da Deputación. Eu estou disposta a trasladar, xunto ao deputado provincial César Fernández, estas peticións a Deputación. E o que se conseguira da Deputación se lle agradecería e se lle recoñecería.

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2022, así como, as súas Bases de Execución e o Persoal de Persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido dos informes de Secretaria e do Interventor municipal, que constan no expediente, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2022, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo 1	Gastos de persoal	2.646.813,19
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e serv.	1.395.367,47
Capítulo 3	Gastos financeiros	17.790,46
Capítulo 4	Transferencias correntes	455.900,46
Capítulo 6	Investimentos reais	420.308,9
Capítulo 7	Trasferencias de capital	10.000
Capítulo 9	Pasivos financeiros	434.304,21

Total Estado de Gastos 5.380.484,90

ESTADO DE INGRESOS:

Capítulo 1	Impostos directos	1.449.924,71
Capítulo 2	Impostos indirectos	50.000
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	955.173,01
Capítulo 4	Transferencias correntes	2.117.170,29
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	89.590
Capitulo6	Enaxenación de inversiones reais	77.155
Capitulo 7	Transferencias de capital	246.014,60

Total Estado de Ingresos 5.380.484,90

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2022, as Bases de Execución e plantilla de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

PROPOSTAS QUE O GOBERNO ASUME E COMPROMETE A CUMPRIR PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL PP PARA O ANO 2022, CO OBXECTIVO DE QUE O SEU PORTAVOZ E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE APOIEN AS MESMAS ORZAMENTARIAMENTE .-

1. Plan de Emprego con 75.000 euros.
2. Plan Dinamización Rexurbe con 18.000 euros.
3. Plan Mobilidade Sostible con 18.000 euros.
4. Plan Director entorno San Xés 18.000 euros.
5. Aumentar partida Redacción PEPRI-ARI Francelos ata 54.000 euros.
6. Axudas PEMES e Autónomos con 53.804,85 euros.

PROPOSTAS QUE O GOBERNO ASUME E COMPROMETE A CUMPRIR PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA O ANO 2022.-

1. Elaboración dun plan de obras para cada localidade do Concello segundo prioridades acordado entre tódolos grupos.
2. Realizar un calendario anual de limpezas de desbroces en todo o Concello.

3. Creación dun catálogo público de vivendas en alugueiro e para rehabilitar co obxectivo de por en contacto propietarios e interesados en vivir no noso concello e dinamizar a rehabilitación e ocupación do catálogo de vivenda existente.
4. Crear un catálogo de baixos alugables para por en contacto a propietarios e emprendedores.
 5. Reparación de beirarúas de San Cristovo e instalación de medidas de redución de velocidade adecuadas.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE (4), RENC (2), BNG (1), abstención PP (5), fica aprobada.

4.- SUBSANACIÓN DA ORDENANZA DE CIRCULACIÓN DA VILA DE RIBADAVIA.

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación Ordenanza de Circulación do concello de Ribadavia *nos seguintes termos:*

- Artigo 12, engadir: “e Anexo V”.

- Artigo 22, ao final: “as infraccións non tipificadas nesta ordenanza terán de referencia a Lei seguridade vial e o regulamento de circulación superior que estea vixente”.

- Anexo I: onde pon: Rúa Santiago, débese engadir “e contorna” (para incluír Rúa Pardiñeiro). Onde pon: Praza Madalena, débese engadir “e contorna”(para incluír “Travesía Madalena”).

- Anexo IV:

- Onde pon: “López Ramón” debe poñer “Martínez Vázquez”.

- Rúa Progreso, eliminar mención de: prohibición de estacionar “á altura do antigo banco BSCH” (cláusula herdada da anterior norma).

- Rúa Progreso, modificar redacción, pois pode ser equívoca: xa que di que os residentes empadroados da rúa progreso poderán aparcar na zona azul, debe eliminarse, pois non se axusta ao espírito da norma.

- Incluír na zona verde: Rúa Fonte da Prata e Rúa Banda A Lira, incluíndo o primeiro tramo esquerdo sentido descendente. E polo tanto incluír estas rúas tamén como rúas nas que poden estacionar os residentes da rúa progreso.

- “zona de estacionamento para residentes con tarxetas identificativas do concello”, incluír:
 1. “Están autorizadas a estacionar na Rúa San Martín as persoas residentes e traballadoras da rúa Norte e Rúa Corral”.

 2. “Están autorizadas a estacionar na Rúa Rego de Auga, Banda A Lira (onde se autoriza), e Rúa Fonte da Prata, as persoas residentes e traballadoras da rúa: Canellón Praza Abastos, rúa Fonte da Prata, e Rúa Banda A Lira (onde se autoriza, no primeiro tramo esquerdo sentido descendente).

- Anexo V: incluír na zona azul:

- Autorízanse discos distintos de outras localidades, así como calquera indicador que cumpra a función de indicar hora.

- Quedan excluídos das limitacións da zona azul os vehículos de Policía, Protección civil, emerxencias, bombeiros, ambulancias, e persoal sanitario en

servizo de urxencia. Tamén o persoal do Servizo de Asistencia no Fogar do Concello. Sempre que así se indique e estean en servizo.

- Constituirán infraccións específicas de esta modalidade de estacionamento:

a) a falta de disco, ou de outra tipoloxía de indicador, comprobante de horario, ou a colocación do mesmo que non permita totalmente a súa visibilidade.

b) sobrepasar o límite horario indicado no comprobante.

c) axustar mal a hora de chegada á zona azul, ou indicar unha hora non correcta.

d) despois de sinalar a hora de chegada, non se poderá variar a mesma ata que o vehículo non cambie o lugar de estacionamento, polo que unha vez concluído o tempo máximo, o vehículo deberá abandonar o lugar inicial de estacionamento, non podendo permanecer estacionado no mesmo sitio.

- Sanción de infraccións:

As infraccións sinaladas no apartado anterior, a, b e c, serán sancionadas con multa de 60 euros, co redución do 50% no caso de facerse efectiva dentro do prazo de 15 días contados desde o día seguinte da recepción da notificación da denuncia.

SEGUNDO. Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de *trinta días* para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno . O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, co texto íntegro da

mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*.

ALCALDESA.- Había algunhas pequenas cuestións que subsanar.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- O informe da Policía Local xa poñía de manifesto a necesidade de subsanacións. Xa foi ditaminado favorablemente.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nos gustaría que emanara da Comisión Municipal de Tráfico. Preguntar cantos discos vai a haber que facer. Que se valore non aplicar a zona azul pola tarde. Nos imos a abster.

D César Fernández Gil (PP).- O noso voto vai a ser abstención.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Grazas ao BNG por participar no debate, debería ser unha obriga de todos os representantes públicos. Nos sete días que hai entre a comisión informativa e o pleno se poden facer aportacións. Esta subsanación non precisa maior debate.

Nesta modificación , calquera forma de notificar polo cidadán é válida.O dos discos é para dar boa imaxe, os discos non son obrigatorios. Algún establecemento podería poñer discos coa súa propia marca. As traballadoras do rexistro reparten discos diariamente.

Se pode convocar este ano a comisión informativa para valorar novas modificacións.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado , votos a prol PSOE (4), RENC (2), abstención PP (5), BNG (1) fica aprobada.

5.- APROBACIÓN DAS BASES DO 17º PREMIO DE TEATRO ABRENTE.

A comisión informativa de Cultura, Turismo e Medio Ambiente na súa sesión de data 17 de febreiro de 2022 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria da 17ª edición do Premio Abrente para textos teatrais 2022 e as correlativas bases coa seguinte redacción:

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT) convoca, en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 17ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2022, de acordo coas seguintes bases:

1ª REQUISITOS

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita en lingua galega.

2ª PREMIOS

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 3.500 euros e a edición da obra gañadora. O Concello de Ribadavia reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello de Ribadavia poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a. En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2022”.

3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS

As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou encadernadas. Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN

O prazo de admisión de orixinais remata o día 17 de xuño de 2022 e deberán enviarse ao seguinte enderezo: Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense Deberase indicar no exterior do sobre “17º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2022”

5ª XURADO

O xurado estará presidido, con voz pero sen voto, pola Alcaldesa de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: a Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue, o Director da Mostra Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral. O nomeamento oficial do xurado farao a Alcaldesa ou persoa en quen delegue e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes. A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

6ª COMUNICACIÓN DO DITAME

O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado se se considera oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do xurado será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da AlcaldíaPresidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio. A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2022, no contexto da XXXVIII edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados nun prazo de dous anos serán destruídos, así como as súas correspondentes plicas.

8ª ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases

De seguido sometese a votación a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, PSOE e Ribeiro en Común ; , P.P e BNG.Por conseguinte por unanimidade fica ditaminada favorablemente.”

Alcaldesa.- As bases son as de todos os anos, non hai ningunha modificación.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.- INSCRICIÓN DE KAIZEN KARATE ACADEMY NO REXISTRO DE ENTIDADES ASOCIATIVAS DE RIBADAVA.

Vista a solicitude presentada con rexistro de entrada no concello 916 de 10 de febreiro de 2022 por don Antonio Cartolano Blanco , en representación de Kaizen Karate Academy de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de Ribadavia.

Vista á documentación adxunta á solicitude : estatutos, número de identificación fiscal e Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte .

ACORDASE:

-Inscribir a Kaizen Karate Academy no Rexistro Municipal de Asociacións de Ribadavia.

Alcaldesa.-É unha cuestión administrativa, de trámite.É unha boa noticia que se incremento o número de asociacións no noso concello.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

7.- MOCIÓN BNG A PROL DA CREACIÓN DE SUBVENCIONS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A PROL DAS ENTIDADES ASOCIATIVAS DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Un dos maiores activos cos que conta Ribadavia é o seu tecido asociativo. O labor que no noso Concello realizan as entidades sociais, culturais, veciñais ou deportivas é fundamental, á vez que imposible de ser asumido polas administracións. Sen o traballo voluntario que realizan centos dos nosos veciños e veciñas non sería posible manter innumerables actividades sociais e benéficas, deportivas, culturais e festivas, de coidado do medio ambiente e o patrimonio, mesmo de prestación de servizos básicos.

É un deber institucional, comezando polo propio Concello, o apoio a estas entidades, tanto en medios materiais como en económicos e, de feito, son importantes as achegas que desde os orzamentos municipais se veñen prestando a distintas asociacións. Partindo do feito de que as asociacións van realizar actividades de utilidade pública ou interese social, a canalización destes recursos municipais debe de facerse do xeito máis eficaz (suxeito ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade...) e conforme ao marco legal que o regula.

Tanto do punto de vista legal como de participación democrática, o procedemento que debe ser o ordinario é o da convocatoria de subvencións por concorrencia competitiva. Deste xeito a posibilidade de acceder ás axudas públicas ábrese a todas as entidades e, conforme ás cláusulas establecidas na convocatoria, as cantidades asignadas a cada asociación serán máis acordes ao interese público do proxecto, a actividade ou a situación financiada.

Do mesmo xeito que sucede coas subvencións dirixidas a persoas particulares, a concorrencia competitiva e non a subvención nominativa debería ser o procedemento común.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. O Concello de Ribadavia creará nos seus orzamentos partidas específicas para axudar á realización dos proxectos e actividades que realizan as asociacións:

- Culturais (actos culturais e festivos, escolas e actividades lúdicas...)
- Deportivas
- Sociais (entidades benéficas e de promoción social)
- Veciñais (traídas de augas, comunidades de montes, comisións de festas...)

2. O procedemento para a concesión de ditas axudas públicas será o de concorrencia competitiva, conforme ás disposicións legais que o regulan.

3. O Concello de Ribadavia concederá subvencións nominativas aos colectivos e actividades que pola súa importancia social e continuidade histórica así se determinen.

4. A determinación de cales deben ser as bases e baremos que regularán as convocatorias de concorrencia competitiva, así como de cales deben ser as subvencións nominativas acadarase co maior consenso dos distintos grupos representados no Concello de Ribadavia.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Conceder as subvencións por un sistema de concorrencia competitiva sería máis xusto. A obriga do concello é axudar a todas as asociacións : culturais, deportivas e sociais

A nosa intención é que calquera asociación poida optar.

D César Fernández Gil (PP).- Evidentemente estamos de acordo coas axudas. Non sería operativo liñas de concorrencia competitiva nun concello como Ribadavia. Se poden establecer criterios obxectivos sen necesidade de concorrencia competitiva. Debería seguir o modelo de subvencións nominativas.

Pedimos que se poida modificar o Plan Director do Consello Municipal de Deportes para que esta nova asociación poida ter cobertura, e propoñer unha modificación orzamentaria para ese fin.

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- Este debate xa se deu en anteriores lexislaturas e nesta. Os nosos grupos reclamaron un sistema de concorrencia competitiva.

Hai un consenso no Consello Municipal de Deportes, que pesa máis que debates xa plantexados.

Este goberno subú a subvención a varias asociacións. Os distintos gobernos sempre colaboraron co asociacionismo.

Alcaldesa.- Somos un goberno exemplar co tecido asociativo.

Neste orzamento hai un incremento nas axudas.

A modificación orzamentaria para Karate Kaizen Academy realizarase.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O sistema podería ser máis xusto, estamos de acordo co traballo de todas as asociacións.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol BNG (1), Abstencións PSOE (4), RENC (2), PP (5), fica aprobada.

8.-MOCIÓN DE URXENCIA.

Non houbo.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Solicitar que nos fagan chegar o informe do campo do Xestal cando chegue.

O parque de autocaravanas está pouco adecentado, se fan necesidades maiores no entorno.

Que a Confederación Hidrográfica tome medidas sobre o que pasa no encoro.

Alcaldesa.- Se fará chegar o informe sobre o campo do Xestal cando chegue.

O problema do parque de autocaravanas vaise a solucionar.

Sobre o encoro, se dará traslado da petición de medidas ás administracións competentes.

D César Fernández Gil (PP).- Solicitar que se contesten os escritos sen contestar.

Se solicitou un informe das técnicas municipais sobre o soar a carón do CEIP

Plurilingüe, sobre calificación, usos permitidos e informes sectoriais necesarios.

Reitero a solicitude de que se me faga chegar.

Pedir o cambio de horario do pleno.

Alcaldesa.- Se contestará a todos os escritos. Tomamos en consideración o cambio de horario do pleno

D Brais Fidalgo Martínez, portavoz do goberno.- No terreo a carón do CEIP o PXOM permite o que pretende o goberno. Unha persoa que goberno debería coñecer o que permite o PXOM.

E sendo as nove horas e vinte minutos do serán a Alcaldesa Presidenta levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDESA

SECRETARIO